

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Asociación de Distribuidores de Hostalería e Alimentación de Lugo (ADIS)	G02967834	Nominativa	Feira de distribución L de Lugo	4330.48900	15.000,00 €	Presidencia
Asoc. Sociedad Gastronómica O Tizón	G27510213	Nominativa	Actividades de promoción de produtos autóctonos	4330.48900	2.000,00 €	Presidencia
Asoc Prov Ganaderos de Lugo Control Rendimientos (AFRICOR)	G27155688	Nominativa	Xornadas Técnicas Vacún de Leite	4330.48900	3.000,00 €	Presidencia
Ilmo. Colexio Provincial da Avogacía de Lugo	Q2763002I	Nominativa	Servizo de orientación e asistencia xurídica penitenciaria (SOAJP)	2410.48900	12.000,00 €	Presidencia
Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo	G27019793	Excepcional	Centro de Apoio Estratéxico á empresa de Lugo (CaEel)	4330.48911	180.000,00€ (Plurianual 2024 - 2025/ 90.000€ cada anualidade)	Xunta de Goberno
Fundación Agroalimentaria Galega	G42911156	Excepcional	Impulso FAGA	2410.48911	175.000,00€ (Plurianual 2024 - 2025/ 71.000€ e 104.000€)	Xunta de Goberno
Asociación Provincial de Reparación e Venta de Automóviles e Recambios (APREVAR)	G27030790	Excepcional	“Formación semipresencial y digitalización de contenidos”	4330.48911	35.000,00€	Xunta de Goberno

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Consorcio Centro Asociado de la UNED en Lugo	Q2701015F	Nominativa	Comunicación e Cultura Dixital	3261.48907	25.000,00€	Presidencia
Real Academia Galega de Ciencias	Q1568010A	Nominativa	Subvención actividades	4630.48900	5.000,00 €	Presidencia
Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia	Q1500303A	Nominativa	Actividades da Fundación	4630.48900	5.000,00 €	Presidencia

Lugo, 7 de outubro de 2024.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón".

R. 3003

CONCELLOS
BARREIROS
Anuncio

No pleno do 12 de agosto de 2024 aprobase inicialmente a Ordenanza municipal de xestión da biomasa e actividades forestais en solos de núcleo rural, urbanizable delimitado e urbano para a prevención de incendios forestais no Concello de Barreiros. Unha vez resolta a alegación recibida polo pleno o 7 de outubro de 2024, aprobase definitivamente, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

“Ordenanza municipal de xestión da biomasa e actividades forestais EN SOLOS DE NUCLEO RURAL, urbanizable delimitado e URBANO para a prevención de incendios forestais NO CONCELLO DE BARREIROS

Exposición de motivos

O Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 recoñece os incendios forestais coma un dos máis importantes problemas ambientais de Galicia, constituíndo unha grave causa de perdas de riqueza nas economías rurais, un risco severo para as persoas e os ecosistemas e unha fonte inesgotable de gasto público. Por todo o anterior, cómpre desenvolver políticas activas de prevención e loita contra incendios forestais que permitan protexer de xeito efectivo os recursos naturais e humanos do territorio dos riscos asociados ao lume.

Neste senso, a aprobación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, implicou a implantación de novas estratexias de prevención de incendios forestais que perseguían

cumprir con estes obxectivos. Porén, as novas medidas de prevención de incendios establecidas pola Lei supuxeron adquisición de novas responsabilidades por parte de todos os axentes sociais relacionados directa ou indirectamente co medio rural e forestal.

No que concirne ás responsabilidades dos concellos, o artigo 16 da Lei 3/2007 establece un conxunto de normas e consideracións técnicas que o Concello de Barreiros incorporou á súa planificación por medio da aprobación do Plan de prevención e defensa contra incendios forestais municipal.

Porén, algúns aspectos esenciais da prevención de incendios forestais a escala municipal non foron explicitamente determinados na Lei 3/2007, polo que deben ser concretados por medio da aprobación dunha ordenanza municipal específica.

Conforme á potestade atribuída polos artigos 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora do réxime local e 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, coa presente ordenanza o Concello de Barreiros propón desenvolver a regulación da xestión da biomasa vexetal e das distancias de plantación de especies arbóreas e arbustivas, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como o deseño do procedemento administrativo de orde de execución de xestión de biomasa vexetal, no ámbito das súas competencias, co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de seguridade para reducir os riscos asociados aos incendios forestais, protexendo destes ás persoas, ás poboacións, ás infraestruturas e aos ecosistemas.

Título I.- Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto desta ordenanza é a regulación da xestión da biomasa vexetal no territorio municipal do Concello de Barreiros e dentro do seu ámbito competencial, e regular tanto as repoboacións como as plantacións existentes neste tipo de solos.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

En consonancia co establecido no artigo 4.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, o disposto nesta ordenanza aplicárase naqueles ámbitos que non estean explicitamente regulados na lexislación básica en materia de prevención e defensa contra incendios forestais. Concretamente, será de aplicación en toda superficie municipal situada no interior de núcleos de poboación (solo de núcleo rural, urbano e urbanizable delimitado), así como naqueles terreos que podan quedar fóra do ámbito de aplicación, segundo establece o artigo 21 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Artigo 3.- Definicións

Solo urbano: terreos que a planificación urbanística en vigor do Concello tivese definido e clasificado como tal en virtude do disposto na lexislación urbanística.

Núcleos rurais: terreos que se inclúan dentro dos núcleos rurais delimitados na planificación urbanística municipal.

Solo urbanizable delimitado: terreos que non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico, a planificación urbanística en vigor tivese definido e clasificado como tal ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados na lexislación.

Xestión da biomasa vexetal: eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis eficaces (preferiblemente mecánicas), con mínimo impacto ambiental e coa intensidade e frecuencia necesarias para xerar nivel de discontinuidades horizontais e verticais dos combustibles que garantan o cumprimento das condicións mínimas de seguridade e salubridade legalmente esixibles así como a conservación dos valores naturais.

Persoas responsables: persoas titulares dos terreos ou, no seu caso, usufrutuarios do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, urbanizables delimitados e de núcleo rural e os seus froitos; así como as persoas, administracións, entidades ou sociedades que poidan considerarse responsables e que concordarán co establecido no artigo 21 ter da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Especies pirófitas: especies consideradas xeradoras ou potenciadoras dos riscos vencellados aos incendios forestais e que están incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (Anexo I desta ordenanza).

Especie arbórea: Planta perenne, de tronco leñoso e elevado que alcanza na súa idade adulta un mínimo de 5 metros.

Bosquete: Pequena agrupación arbórea ou arbustiva con fins ornamentais que non supera os 100 m² de superficie continua por cada 1000m² de parcela.

Repoboación forestal: Introducción de especies forestais nun terreo mediante semente ou plantación por forestación o reforestación.

Especie forestal: especie arbórea que non é característica de forma exclusiva do cultivo agrícola ou de xardinería.

Sebe: Especies vexetais leñosas plantadas nunha soa liña e colocadas exclusivamente para xerar paredes ou pantallas verdes, opacas e tupidas.

Título II.- Xestión da biomasa vexetal

Sección 1ª Xestión da biomasa vexetal no interior dos núcleos de poboación

Artigo 4.- Obrigas de xestión de biomasa vexetal

As persoas responsables, segundo o establecido no artigo 3 desta ordenanza, de terreos situados en solo urbano, urbanizable delimitado, ou de núcleo rural deberán xestionar a biomasa vexetal dos seus terreos antes do 30 de maio de cada ano, manténdooas libres de maleza e nas debidas condicións de seguridade e salubridade, evitando que as pólas das árbores afecten ao espazo público.

Artigo 5.- Criterios de xestión da biomasa vexetal

A xestión da biomasa vexetal por parte das persoas responsables deberá executarse conforme cos seguintes criterios:

- a) Non están permitidas novas repoboacións forestais no ámbito de aplicación da presente ordenanza.
- b) En solo urbano, urbanizable delimitado ou de núcleo rural non poderán existir exemplares de especies pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 3 desta ordenanza. Exceptúanse aqueles exemplares que posúan un especial valor ou que, por atoparse illados, non constitúan un risco significativo en relación coa propagación de incendios forestais; o cal deberá ser xustificado no seu caso polo particular afectado. En todo caso, deberán cumprir coas distancias que se establezan no artigo 5 e) da presente ordenanza. A existencia previa de especies pirófitas que incumpra o establecido no parágrafo anterior, deberá adecuarse á presente normativa no prazo establecido na disposición transitoria desta ordenanza. Exceptúanse da aplicación deste artigo as sebes que cumpran co resto da normativa aplicable.
- c) Os pés de nova plantación de calquera especie forestal permitida segundo esta ordenanza ou arborea ornamental deberán estar distanciados entre si como mínimo 7 metros. Exceptúanse deste cumprimento os bosquetes, de acordo coa definición establecida no artigo 3. En ningún caso poden agruparse superficies de bosquetes que superen os 100m².
- d) No caso de plantacións preexistentes con especies do anexo II deberá facerse poda, rareo ou ambas de maneira que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores cunha distancia mínima entre os pés de 7 metros. A maiores, se as árbores se conformaron como unha plantación forestal, deberán adecuarse ás distancias e condicións establecidas no presente artigo no prazo establecido nesta normativa.
- e) As árbores individuais e bosquetes de nova plantación ou existentes deberán, ademais, respectar as seguintes distancias:
 - Con vivendas e espazos públicos de ocio: 15 metros, medidos en horizontal dende a altura normal (1,30m) do tronco da árbore. As árbores individuais preexistentes quedan exentas do cumprimento destas distancias, sempre que cumpran a demais lexislación aplicable.
 - Con vías de comunicación (camiños, estradas, rúas,...): 4 metros, medidos en horizontal dende a altura normal (1,30m) do tronco da árbore, contados dende o dominio público.
 - Con elementos do alumeadado público, incluídos os cables: a copa deberá manter unha distancia mínima de 50cm. En ningún caso poderá interferir no correcto funcionamento do mesmo, aplicando a propiedade as medidas correctoras necesarias para asegurar o eficaz funcionamento do alumeadado.
- f) Nos estratos herbáceo e arbustivo non ornamental, independentemente da existencia ou non de inmobles e do seu estado, realizarase unha roza mínima anual nos prazos establecidos por esta ordenanza para a xestión da biomasa vexetal. En ningún caso estes estratos poderán superar unha altura de 1 metro.
- g) Os criterios anteriores non serán de aplicación no caso de parques, xardíns ou espazos verdes de titularidade pública.

Sección 2ª Limitacións técnicas e normativas á xestión da biomasa vexetal

Artigo 6.- Réxime de autorizacións para cortas de arborado no interior dos núcleos de poboación

1. A corta de calquera exemplar arbóreo en solo urbano, de núcleo rural será libre cando o volume da corta non supere as 10 Tm.

2.- A corta de árbores nestes tipos de solo, por encima das 10 Tm, requirirá da presentación no rexistro do Concello dunha comunicación previa (Modelo anexo III) cunha antelación mínima de 15 días hábiles á execución da corta.

Artigo 7.- Biomasa vexetal residual

Tras a realización das rozas ou cortas que resulten preceptivas en cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, deberá executarse adicionalmente unha trituración dos restos in situ ou a súa retirada da parcela. O Concello non se fará cargo dos restos vexetais procedentes destas operacións.

Artigo 8.- Afeccións á xestión da biomasa vexetal

Como norma xeral, no caso de que a execución de actuacións de xestión da biomasa vexetal estea condicionada por limitacións normativas establecidas por lexislacións sectoriais vixentes ou mesmo suxeita a un réxime de autorizacións, estas limitacións xunto coa necesidade de autorización deberán ser tidas en conta polos particulares, que deberán solicitar as autorizacións correspondentes e que poderán recabar a estes efectos información sobre este aspecto no concello.

Título III.- Procedemento de execución da xestión de biomasa vexetal

Artigo 9.- Persoas responsables e prazos

1. As persoas físicas ou xurídicas responsables, segundo se definen no artigo 3 da presente ordenanza, deberán executar a xestión da biomasa vexetal nos seus terreos de acordo co establecido no artigo 5 desta ordenanza antes do 30 de maio de cada ano.

2. Unha vez transcorrida esta data sen que as persoas responsables executaran as actuacións pertinentes de xestión de biomasa vexetal, o Concello poderá dar inicio á instrución do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

Artigo 10.- Procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal

1.- Unha vez transcorrido o 30 de xuño de cada ano -ou antes si consta que non se realizou esta xestión no ano anterior- os servizos técnicos municipais, así como calquera cidadán ou administración pública con competencias na materia, poderán poñer en coñecemento a posible situación de incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal mediante a presentación no rexistro do concello da correspondente instancia; na que deberá identificarse a ou as parcela/s obxecto do procedemento mediante polígono e parcela catastrais.

2.- No suposto de incumprimento da obriga establecida no apartado anterior, o Concello enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga legal de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas. Na mesma, concederáselle para facelo un prazo máximo de quince días hábiles, contado dende a recepción da comunicación.

Esta comunicación incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido dito prazo, se poderán impoñer multas coercitivas reiteradas cada tres meses -cuxa contía será de 900 euros por hectárea de superficie de parcela non xestionada, ou a parte proporcional si a área fose inferior- mentres persista o incumprimento; ou ben proceder á execución subsidiaria a través da realización pola administración das actuacións materiais necesarias, con repercusión dos costes de xestión da biomasa e, no seu caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración. Sempre que sexa posible optarase pola imposición de multas coercitivas, deixando a execución subsidiaria como última alternativa.

En todo caso, a contía mínima a impoñer por multa coercitiva será de 100 euros, con independencia das hectáreas que integren a superficie da parcela non xestionada. Na comunicación advertirase de que, no caso de execución subsidiaria, o inicio das actuacións materiais necesarias polo Concello se poderán executar en calquera momento transcorrido o prazo máximo concedido, dentro dos catro anos posteriores, atendidas as súas posibilidades materiais e orzamentarias de actuación, sempre que se manteña o incumprimento. Unha vez transcorrido este prazo de catro anos, o Concello deberá reiterar o apercibimento para poder proceder ás actuacións materiais en que consista a execución subsidiaria. Igualmente, incluírase na comunicación que, ante a falta de atención de dito apercibimento, a administración competente realizará as súas accións de control durante os catro anos seguintes co obxectivo de que a xestión sexa concluída, en todo caso, con anterioridade ao 30 de xuño de cada ano.

A imposición de multas coercitivas ou, no seu caso, da execución subsidiaria será independente da instrución do procedemento sancionador que poida levarse a cabo; sen prexuízo de que, en caso de que o Concello opte pola imposición de multas coercitivas, estas se substitúan no seu momento polas que se poidan acordar no procedemento sancionador. A tal fin, na comunicación indicada informarase de que a falta de cumprimento das obrigas indicadas é constitutiva de infracción administrativa, polo que dará lugar ao inicio do procedemento sancionador que corresponda, no que poderán adoptarse medidas de carácter provisional consistentes en traballos preventivos de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas co obxecto de evitar os incendios forestais e comiso das indicadas especies.

A persoa responsable que reciba a comunicación e apercibimento terá a obriga de poñer en coñecemento do Concello o inicio e a realización dos traballos de xestión. En ausencia da indicada comunicación, a administración poderá considerar os traballos como non realizados mentres non conste proba en contrario.

3.- Cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, intentada esta, non poida practicarse a notificación da comunicación prevista no apartado anterior, farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado e no taboleiro de anuncios do Concello (físico e sede electrónica), e conterá os datos catastrais da parcela. Nestes supostos, o prazo para o cumprimento computarase dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

4.- No caso de que se deba recorrer á execución subsidiaria, os costes que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, incluso na comunicación inicial, e realizarse a súa exacción dende o momento en que se verifique o incumprimento da obriga de xestión da biomasa nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva unha vez finalizados os traballos de execución subsidiaria.

Para a liquidación dos costes correspondentes a cada parcela, empregaranse como referencia os prezos das tarifas SEAGA vixentes en cada anualidade correspondentes ás actuacións de xestión de biomasa vexetal ordenadas. O Concello poderá optar entre a contratación do servizo de execución subsidiaria e a execución con medios municipais. Neste último caso, os custos para liquidar finalmente serán estimados polos servizos técnicos municipais en base a ditas tarifas.

Cando a identidade da persoa responsable non sexa coñecida ao tempo de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos costes aprazarase ao punto en que, no seu caso, chegue a ser coñecida, sempre que non tivesen prescrito os correspondentes dereitos de cobranza.

Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, adoptarase acordo de incoación do expediente sancionador e da medida cautelar de comiso das indicadas especies. O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, o cal será efectuado polo Concello mediante oferta pública.

No caso de venda das especies obxecto de comiso, os importes obtidos deberán aplicarse por parte do Concello, a sufragar os gastos derivados das execucións subsidiarias da súa competencia.

5.- O Concello poderá delimitar, en función da presenza de factores obxectivos de risco, zonas de actuación prioritaria, nas cales se priorizarán as actuacións de comprobación de xestión de biomasa e, no seu caso, da execución subsidiaria.

6.- Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitar os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas. En todo caso, o persoal do concello ou empresas colaboradoras poderán acceder ás parcelas afectadas para realizar os traballos necesarios de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos en que o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución; caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular.

Título IV.- Infraccións, sancións e procedemento sancionador.

Artigo 11.- Procedemento sancionador

Constitúen infraccións administrativas, as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece esta ordenanza.

O procedemento sancionador, suxeitarase ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa será de 9.

A resolución que poña fin ao procedemento sancionador identificará ás persoas responsables dos feitos, coa imposición das sancións individualizadas que procedan.

Artigo 12.- Responsabilidade

Son responsables das infraccións administrativas as persoas responsables obrigadas segundo o disposto nesta ordenanza.

Artigo 13.- Clasificación das infraccións

1.- As infraccións polo incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves ou moi graves:

a) Constitúen infraccións moi graves:

1º. A resistencia, coacción ou ameaza a autoridade municipal, funcionariado e axentes en cumprimento das súas funcións.

2º. A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo de catro anos de máis dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.

b) Constitúen infraccións graves:

1º. A negativa a subministrar información a autoridade municipal, funcionariado e axentes en cumprimento das súas funcións.

2º. A realización de plantacións prohibidas nos solos urbano, urbanizable e de núcleo rural.

3º. A non retirada das plantacións ou a non adecuación das mesmas ás distancias e condicións establecidas nesta ordenanza no prazo establecido no requirimento municipal.

4º. A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo de dous anos de máis dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

c) Constitúen infraccións leves:

1º. Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta ordenanza, sempre que non teña a consideración de infracción grave ou moi grave de acordo co establecido no presente artigo.

2º. Calquera incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos establecidos nesta ordenanza que non constitúan infracción grave ou moi grave.

Artigo 14.- Sancións

As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contías:

a) Infracción leve: de 100 a 750 euros.

b) Infracción grave: de 751 a 1500 euros.

c) Infracción moi grave: de 1501 a 3000 euros.

Artigo 15.- Execución dos traballos.

1.- A imposición das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, non eximirá aos responsables dos feitos de repoñer a realidade física alterada e de realizar os traballos de reparación e/ou limpeza que a tal fin sexan sinalados na resolución que poña fin ao procedemento sancionador.

Artigo 16.- Criterios para a gradación das sancións.

1. Os criterios para a gradación das sancións serán os previstos no artigo 52 da Lei 3/2007 do 9 de abril:

a. A superficie afectada e o valor atribuído a cada tipo de cobertura vexetal.

b. A adopción inmediata e eficaz de medidas tendentes a diminuír o dano ou prexuízo ocasionado.

c. A diferente consideración da época de perigo, zonas de risco e índice de risco diario de incendio forestal, na data da comisión da infracción.

d. A reiteración, entendida como a concorrencia de varias irregularidades ou infraccións que se sancionen no mesmo procedemento.

e. A intencionalidade.

f. A situación de risco creado para as persoas ou os bens.

g. O ánimo de lucro.

h. Os prexuízos causados e a irreversibilidade dos mesmos.

i. A transcendencia social, medioambiental ou paisaxística.

j. A agrupación ou organización para cometer a infracción.

k. Que a infracción fora cometida en zona queimada ou declarada como de especial risco de incendios.

l. A reincidencia na comisión dunha infracción no último ano. O prazo comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquirise firmeza na resolución en vía administrativa.

Artigo 17.- Competencia sancionadora

A competencia para a iniciación e resolución dos expedientes sancionadores polas infraccións a esta ordenanza, corresponde á Alcaldía.

Artigo 18.- Prescrición das infraccións.

1. As infraccións previstas na presente ordenanza prescribirán nos prazos seguintes:

- a. As infraccións leves, ao ano.
- b. As infraccións graves, aos 3 anos.
- c. As infraccións moi graves, aos 5 anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que a infracción se cometese ou dende que se tivese coñecemento da súa comisión.

Interrompe a prescrición da infracción a incoación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, retomándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun ano por causa non imputable á persoa presuntamente responsable.

3. No caso de infraccións continuadas, o inicio do prazo de prescrición comezará a contarse dende que cesase a súa comisión.

4. No caso de concorrencia de infraccións leves, graves e moi graves, ou cando algunha destas infraccións fose medio necesario para cometer outra, o prazo de prescrición é o establecido para a infracción mais grave das cometidas.

5. Nas infraccións permanentes, o prazo de prescrición non comezará a computarse ata que cesase a situación infractora. A estes efectos, enténdese que existe unha infracción permanente cando unha actividade concreta produce efectos que perduran no tempo. Considéranse, así mesmo, comprendidas dentro das infraccións permanentes as infraccións por omisión no que o incumprimento nun determinado momento dunha obriga produce efectos permanentes.

Disposición Transitoria

As plantacións existentes á entrada en vigor desta ordenanza dispoñen dun prazo de 6 meses para adaptarse ao establecido desta ordenanza.

Disposición Final.

De acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación ou cando, transcorrido o prazo de exposición pública sen presentarse alegacións se entenda definitivo o acordo ata entón provisional.

ANEXO I: Especies pirófitas

Abies spp: Abeto

Acacia dealbata: Mimosa

Acacia melanoxylon: Acacia negra

Calluna vulgaris: Queiruga

Cedrus spp: Cedro

Chamaecyparis lawsoniana: Falso ciprés

Chamaespartum tridentatum: Carqueixa

Cryptomeria japonica: Cedro xaponés

Cupressus spp: Ciprés

Cytisus spp.: Xesta

Erica spp.: Uz

Eucalyptus spp.: Eucalipto

Genista spp.: Xesta

Pinus spp: Pino

Pseudotsuga menziesii: Pino de Oregón

Picea spp: Piceas

Pteridium aquilinum: Fento común

Rubus spp.: Silva

Sequoia spp: Secuoia

Sequoiadendron giganteum: Secuoia xigante

Thuja spp: Tuia

Ulex spp: Toxo

ANEXO II: especies de frondosas

Acer spp.: Arce

Alnus glutinosa (L.) Gaertn: Amieiro

Arbutus unedo L.: Esbedro, Érbedo

Betula spp.: Bidueiro

Castanea sativa Mill.: Castiñeiro

Castanea x híbrida (resistente tinta): Castiñeiro híbrido

Corylus avellana L. : Abelao, Abeleira

Fagus sylvatica L.: Faia

Fraxinus spp : Freixo

Juglans spp: Nogueira

Laurus nobilis L.: Loureiro

Liquidambar styraciflua: Liquidambar

Prunus avium L.: Cerdeira

Quercus spp. : Carballo

Sorbus aucuparia L.: Serbal dos cazadores

Ulmus spp: Olmo

ANEXO III

Comunicación previa de corta de árbores en solo urbano ou de núcleo rural para máis de 10 Tm.

1. Datos da persoa solicitante.

Nome e apelidos/ Razón social_____ NIF/DNI/NIE_____

Nome e apelidos representante_____ NIF/DNI/NIE_____

Enderezo_____ nº ____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____

Teléfono _____ enderezo electrónico _____

☐ Autoriza o enderezo electrónico a efectos de notificacións.

2. Localización da corta

Lugar_____ Parroquia_____ Polígono Catastral_____

Parcela Catastral_____ ou Referencia catastral _____.

3. Características da corta.

Nome da árbore	Nº de árbores a cortar

4. Declaración responsable

Declaro baixo a súa exclusiva responsabilidade que é certo o que manifesta e, en todo caso:

a. Que as características indicadas reflicten fielmente a corta a realizar.

b. Que se cumprirán os requisitos da normativa específica.

c. Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.

d. Que achega toda a documentación preceptiva.

Autoriza, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E **comunica** que executará a corta a partir do día _____ (A comunicación debe realizarse cun mínimo 15 días hábiles de antelación á realización da corta) cun prazo de execución de 6 meses.

En Barreiros, a ____ de _____ de 20__

Asdo. _____”

Barreiros, 8 de outubro de 2024.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3004

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO PUBLICO DE AXUDA NO FOGAR.

Sendo aprobado inicialmente a modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 29/07/2024 e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

“ARTIGO 4. Base Impoñible

A base impoñible deste tributo calcularase en función do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), considerando este polo importe íntegro anual, segundo a seguinte táboa:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,00 IPREM	10%
Maior de 1,00 e menor ou igual a 1,20 IPREM	20%
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	40%
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2,00 IPREM	50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	70%
Maior de 2,50 IPREM	90%

ARTIGO 5. Cota tributaria

A cota tributaria da presente taxa establécese en 18 euros/hora de prestación do servizo. Sen embargo, as tarifas graduaranse segundo o sinalado no apartado anterior, de acordo co previsto no Regulamento Municipal de Axuda a Domicilio. En calquera caso establecerase un límite máximo de capacidade económica das persoas usuarias dun 40% da súa capacidade económica.

ARTIGO 6. Devengo e período impositivo

A taxa na primeira utilización do servizo devengarase no momento de autorizar a prestación da axuda polo órgano competente, prorrateándose por días efectivos de prestación de servizo

ARTIGO 7. Liquidación e ingreso

Deberase acreditar a domiciliación bancaria dos abonos mensuais no momento de formular a solicitude.